



CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DESAFÍO COMERCIAL SCQ

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta promoción iniciárase o 1 de maio de 2017.

A promoción realizarase no ámbito de toda a comunidade de Galicia e poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos residentes no territorio galego que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

1. PREÁMBULO

O Concello de Santiago de Compostela pon á disposición das persoas usuarias a aplicación móbil **“Desafío comercial SCQ”** (en diante “aplicación móbil”). O acceso e uso da aplicación móbil é totalmente voluntario e atribúelle a quen o realiza a condición de usuario/a. Todo usuario/a acepta, desde o mesmo momento en que accede, sen ningún tipo de reserva, o contido destas condicións xerais de uso.

2. MECÁNICA PROMOCIONAL

Os/as participantes empregarán a aplicación móbil para acceder aos retos propostos no ámbito desta promoción.

Pola superación dun determinado número de xogos, o usuario/a acumulará agasallos. Cada usuario/a poderá obter ata un máximo de tres agasallos pola superación escalonada dos distintos xogos dispoñibles, segundo se establece no apartado seguinte.

A aplicación xera un código en forma de código QR que poderá trocar por un agasallo no lugar establecido para tal finalidade ou solicitar a súa remisión mediante envío postal.

Só se realizará un envío postal por usuario /a e está limitado ao ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

3. AGASALLOS E VALOR

Cada usuario/a poderá obter ata un máximo de tres agasallos. Os agasallos iranse obtendo a medida que se superen os 8 xogos dispoñibles identificados cada un deles cos seguintes 8 obxectos: un sombreiro, unha cunca, un gramófono, un libro, uns botes de esencia, uns pendentes, un vestido e unha cesta de vimbio.



- **Paraugas automático en fibra de carbono**, perfectos para pasear por Compostela e gozar da maxia que nace do tándem choiva-pedra que tanto nos caracteriza: superación de **3 xogos** completos.
- A escoller entre unha **comida ou cea para dúas persoas** nalgún dos 460 restaurantes dispoñibles ou **baterías externas de 2000 mAh**, cable incluído, para que poidas recargar a batería dos teus dispositivos móbiles en calquera momento e lugar: superación de **5 xogos** completos.
- A escoller entre **unha noite con almorzo e acceso a spa para dúas persoas** ou magníficos **reloxos intelixentes** que che permitirán, alá onde vaias, falar por teléfono con quen queiras dende o teu pulso, recibir todas as notificacións de correo, Whatsapp, Facebook ou Twitter: superación dos **8 xogos completos**.

Os premios outorgaranse ata fin de existencias. Na propia aplicación poderase consultar a estocaxe de cada un dos agasallos. A estocaxe amosarase en tres cores: verde, laranxa ou vermella segundo haxa moitas, poucas ou xa non queden existencias respectivamente.

Para recoller os agasallos, o usuario/a deberá poñerse en contacto co Departamento de Comercio do Concello de Santiago enviando un correo electrónico a comercio@santiagodecompostela.gal ou activando a opción de envío postal e introducindo os datos de contacto.

A aplicación xera un código en forma de código QR que poderá trocar por un agasallo no lugar establecido para tal finalidade ou solicitar o seu envío por correo postal.

Só se realizará un envío postal por usuario /a e está limitado ao ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

4. IDENTIFICACIÓN

Para participar na promoción non é necesario proporcionar ningún tipo de dato persoal.

A aplicación móbil non empregará ningún mecanismo de identificación adicional, só un identificador único do terminal en que se executa a aplicación. A perda, roubo, reparación, modificación ou restablecemento de fábrica do terminal, poderá ocasionar a perda total do progreso do usuario/a na promoción. O Concello de Santiago de Compostela non se fai responsable da perda de datos nestes supostos.

A aplicación non recompilará datos persoais do usuario/a a non ser que solicite a súa remisión mediante envío postal. Nese caso pediránselle única e exclusivamente os datos necesarios para realizar o dito envío.



5. CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. Esta promoción é de balde para o usuario/a e non implica por si mesma ningún custo adicional.

* Apple non patrocina esta promoción.

2. A participación a través da aplicación móbil require de conexión a Internet. Calquera custo relacionado co acceso a Internet correrá por conta do usuario/a. O Concello de Santiago de Compostela exclúe calquera responsabilidade por danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade no funcionamento das redes de telecomunicacións.

3. Esta aplicación é permanente e con carácter periódico renovaranse os retos, as promocións e os distintos premios. Non deixes de xogar!!!

6. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na promoción implica a aceptación destas bases.